



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE XANEIRO 2007



1.- Resumo

Durante o mes de xaneiro tivemos una oscilación de situacións sinópticas con grande variabilidade, o que propiciou que os valores medios do mes en temperatura media non se separen dos agardados. Poren, as chuvias estiveron en xeral por debaixo da media, agás no norte de A Coruña e Lugo. Así, durante os primeiros 8 días do mes a situación en Galicia foi intermedia entre as altas e as baixas presións, o que deixou un tempo en xeral caracterizado pola nebulosidade, con temperaturas suaves e chuvias escasas, preferentemente localizadas na metade norte. Entre os días 9 e 14 a situación foi anticiclónica, pero as altas presións enviaron unha masa de aire temperado a Galicia, o que fixo que as temperaturas non descendesen pro debaixo da media. Na terceira semana do mes a situación foi semellante á vivida durante os primeiros 8 días, con ventos do sudoeste, masas de aire atlántico húmidas e temperadas, que deixaron temperaturas altas, moita humidade e nebulosidade, pero chuvias escasas. A partir do día 22 a situación cambiou coa chegada dunha masa de aire moi frío procedente do Atlántico norte, que deixou unha importante caída nos termómetros, chuvias de intensidade moderada na metade norte de Galicia e unha cota de neve que foi baixando ata situarse nos 400-500 metros durante as xornadas do 23, 24 e 25. A partir do 28 Galicia estivo novamente nunha situación pouco definida entre as altas e as baixas presións.

Precipitación: As chuvias acumuladas durante este mes estiveron en xeral por debaixo dos valores promedio durante o período 1971-2000. Soamente no norte de A Coruña e Lugo pódese considerar este mes como normal en canto ás chuvias. Isto é debido a que a semana entre o 22 e o 28 os ventos de compoñente norte ocasionaron chuvias de intensidade moderada nesa zona e moito máis débiles no sur. No resto do mes Galicia non estivo baixo a influencia de borrascas, senón que se tratou de situacións intermedias que deixaron poucas chuvias.

Temperaturas: As temperaturas medias estiveron en xeral por riba das agardadas nun mes de xaneiro, aínda que a semana de frío entre o 22 e o 28 matizou moito as anomalías. Así, durante este mes as anomalías en temperatura media non superan en xeral 1°C, pero as temperaturas mínimas presentan anomalías máis acusadas, superándose o 2°C en puntos como Ourense, Lugo ou Lourizán.

2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

CIS FERROL

	XANEIRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	10.9	10.5	12.4 (2002)	8.4 (1976)
T ^a mínima media	8.6	7.8	9.7 (2002)	5.1 (1976)
T ^a minima absoluta	3.2 (día 3)	-0.5 (14/01/1987)		
T ^a máxima media	13.6	13.2	15.0 (2002)	11.3 (1985)
T ^a máxima absoluta	17.4 (día 12)	21.2 (26/01/1983)		
Precipitación acumulada	156	126.7	260 (1974)	35 (1981)

Comentario:

Temperaturas algo superiores aos valores medios, especialmente no caso das mínimas, 0.7 °C por riba do agardado

A chuvia acumulada superou o valor agardado. O mes pode considerarse húmido



SANTIAGO

	XANEIRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.1	8.9	10.5 (2002)	6.5 (1985)
Tª mínima media	6.8	5.2	7.0 (1982)	2.0 (1992)
Tª mínima absoluta	0.6 (día 24)	-4.3 (09/01/1985)		
Tª máxima media	11.8	12.5	14.0 (2002)	10.3 (1985)
Tª máxima absoluta	15.5 (día 1)	21.2 (12/01/1997)		
Precipitación acumulada	98	227	546 (2001)	43 (1983)

Comentario:

As temperaturas mínimas fóron 1.6 °C superiores ao agardado mentras que as máximas quedaron algo por debaixo da media. Como consecuencia as temperaturas medias son semellantes ao agardado

A chuvia acumulada foi inferior ao valor agardado; o mes pode considerarse moi seco.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982

LUGO

	XANEIRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	6.7	6.0	8.9 (1988)	3.6 (1976)
Tª mínima media	3.4	2.3	6.8 (1988)	-2.5 (1976)
Tª mínima absoluta	-4.6 (día 28)	-8.0 (08/01/1985)		
Tª máxima media	10.7	9.7	12.7 (1993)	6.7 (1985)
Tª máxima absoluta	15.1 (día 11)	19 (27/01/1980)		
Precipitación acumulada	63	113	213 (1974)	23 (1983)

Comentario:

Temperaturas superiores aos valores medios, especialmente no caso das mínimas, 1.2 °C por riba do agardado

Precipitación por debaixo da media. O mes pode considerarse seco



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XANEIRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	10.2	9.3	10.8 (1982;2004)	7.2 (1976)
T ^a mínima media	7.1	4.8	7.5 (2004)	1.2 (1976)
T ^a minima absoluta	0.4 (día 24)	-4.5 (14/01/1987)		
T ^a máxima media	14.4	13.8	15.4 (2005)	12.6 (1977; 1984)
T ^a máxima absoluta	17.6 (día 9)	22.5 (27/01/2003)		
Precipitación acumulada	71	219	469 (1974)	25 (1981)

Comentario:

Temperaturas superiores aos valores medios, especialmente no caso das mínimas 2.3 °C por riba do agardado

A chuvia acumulada é moi inferior ao valor agardado. O mes pode considerarse moi seco

OURENSE

	XANEIRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	8.7	7.7	11.0 (1982)	4.3 (1976)
T ^a mínima media	5.6	3.1	7.3 (1982)	-1.9 (1976)
T ^a minima absoluta	-2.3 (día 27)	-7.0 (10/01/1985)		
T ^a máxima media	12.5	12.3	14.8 (1982)	9.5 (1981)
T ^a máxima absoluta	18 (día 11)	22.0 (27/01/2003)		
Precipitación acumulada	31	96	217 (2001)	2 (1981)

Comentario:

Temperaturas superiores aos valores medios, especialmente no caso das mínimas 2.5 °C por riba do agardado


A chuvia acumulada é moi inferior ao valor agardado. O mes pode considerarse moi seco



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


**Anomalías de presión en superficie.
Mes de Xaneiro 2007**






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

**Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.
Mes de Xaneiro 2007**






3.3.- Temperatura media das máximas



www.meteogalicia.es



3.4.- Temperatura media das mínimas



www.meteogalicia.es



3.5.- Choiva acumulada (litros/m²)

